



PROCESO PARTICIPATIVO PARA A ARTICULACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS MUNICIPAIS EN NOVO MESOIRO

Dentro dos procesos de participación pública desenvolvidos pola Concellaría de Participación e Innovación Democrática no marco do programa “**A Porta Aberta**”, o proceso participativo para a articulación de servizos culturais en Novo Mesoiro diríxese, coma sempre, a toda a cidade, pero de maneira específica nesta ocasión aos barrios de Novo Mesoiro, Mesoiro Vello, Feáns e Someso, máis os núcleos de Vío e a Urbanización Breogán.

Para qué serve?

Este **proceso participativo** desenvólvese para recoller ideas, necesidades e propostas concretas, que sirvan de base para articular un **servizo municipal cultural polivalente e flexible** que poida dar unha resposta a curto prazo ás necesidades e demandas transmitidas pola poboación.

O feito de que Novo Mesoiro sexa un **espazo xeograficamente afastado** do centro da cidade fai que, pese a contar xa cun centro cívico municipal, un polideportivo e un centro de saúde, careza doutro tipo de equipamentos, como unha biblioteca. A que se atopa máis perto do barrio é a de “Miguel González Garcés”, situada aproximadamente a 6 kilómetros de Novo Mesoiro, cun tempo de traslado de 10 minutos en vehículo propio e 30 minutos en transporte público.

Desta maneira, unha das demandas tradicionais máis extendidas por parte da veciñanza deste barrio foi sempre a necesidade de dotar a este territorio dunha biblioteca, cunha oferta ampla de servizos culturais.

Esta demanda tivo unha presenza palpable durante o desenvolvemento do programa de orzamentos participativos posto en marcha por primeira vez polo Concello da Coruña no ano 2016.

Cál é o seu obxectivo?

Así pois, **o obxectivo principal** deste proceso participativo é recoller a maior información posible, que facilite ao Concello axustar as necesidades e demandas veciñais a unha oferta cultural actualizada e adecuada aos cambios sociodemográficos e urbanos experimentados nesta parte da cidade nos últimos anos.

A vontade do Concello, a curto prazo, pasa pola **procura de novos espazos** no barrio postos a disposición da veciñanza e a **articulación dunha oferta ampla de servizos culturais** polivalentes e flexibles.

Accións e participación

Este novo proceso participativo da comezo en febreiro de 2017, cunha primeira fase de diálogo coa veciñanza, unida a un traballo previo de recollida de información a través de entrevistas mantidas coas asociacións veciñais e comerciais do territorio, entidades culturais e deportivas, centros de ensino, colectivos e axentes clave dos barrios e núcleos vencellados.

Rematada esta primeira fase, dan comenzo os **encontros presenciais e obradoiros** abertos á participación de todas as persoas interesadas, organizados có obxectivo de promover o debate e o diálogo, partindo das necesidades e intereses da cidadanía.

Encontros presenciais

1º. 23 de marzo, xoves, ás 20:00 h, no Centro Cívico Municipal Novo Mesoiro.

Trátase dun encontro **aberto**, sen que sexa preciso facer inscrición para asistir. O obxectivo deste encontro é informar detalladamente á poboación de Novo Mesoiro, Feáns, Mesoiro Vello, Someso, Vío e a Urbanización Breogán acerca de cómo se vai desenvolver este proceso participativo, con que obxectivos e fins, e cales son as vías a través das cales se poderá participar.

2º. 28 de marzo, martes, ás 11:00 h, no Centro Cívico Municipal Novo Mesoiro.

Obradoiro de traballo dirixido a **persoas maiores e xubiladas**, co obxecto de recoller as demandas e propostas específicas deste sector concreto da veciñanza.

3º. 30 de marzo, xoves, ás 20:00 h, no Centro Cívico Municipal Novo Mesoiro.

Segundo obradoiro de traballo dirixido a **familias e mocidade**. Obradoiro interxeneracional para fomentar o diálogo conxunto das familias e a mocidade no que se refire ás expectativas e necesidades no ámbito cultural.

Coma sempre, en cada un destes encontros estará dispoñible un servizo de interpretación de signos para as persoas con deficiencias auditivas e un servizo de conciliación para a atención a menores que acompañen ás persoas participantes.

Ademáis de participar nos encontros e nos obradoiros de traballo, calquera persoa interesada en achegar as súas suxerencias, propostas ou demandas, pode facelo enviando un e-mail ao enderezo electrónico participacionovomesoiro@gmail.com